

O 1 de Decembro do 2005, na sede do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, reúnen os membros da Mesa Negociadora do Convenio Colectivo de Persoal docente laboral das Universidades publicas galegas que de seguido se citan:

USC: O vicerreitor de Ordenación Académica, Profesorado e Titulacións, D. Castor Méndez Paz, A Xerente en funcións, Dona Mar Rodríguez Fernández.

UdC. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado D. Xosé Luis Armesto Barbeito e o xerente D. Manuel Galdo Pérez

UVigo. A vicerreitora de Ordenación Académica e Profesorado Dona Margarita Estevez Torranzo e o xerente D. Manuel Castro Oliva

CIG: Dona Isabel Diéguez Castrillón e D. Xulio Ferreiro

CCOO:D. Xurxo Prompin Castiñeiras, Dna M^a Luisa Sanchez Simón, D. Marcos Estevez Orge, D. Andrés Marcos

UGT: D Ricardo Garcia Mira; D Benjamín Rey Sanjurjo; Dona Begoña Villaverde

CSI-CSIF: Domingo Esteban Gómez

Asiste á reunión Don José Ramón Leis Fidalgo, Director Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, en representación da Comunidade Autónoma.

A reunión celébrase para acordar os criterios xerais que han de enmarcar a negociación de conformidade ca proposta que se anexa á acta

Despois de diversas deliberacións os presentes acordan por unanimidade:

PRIMEIRO: Aprobar o documento presentado polas universidades coas seguintes puntualizacións:

CIGA e CCOO: Respeito do punto 1 debería de integrarse o persoal investigador. Acórdase avanzar no corpo do convenio comprometéndose a analizar a fórmula de incorporación no mesmo do colectivo de persoal exclusivamente investigador.

CCOO: Respeito do punto 5 do Anexo, enténdese que o que figura no mesmo é o que apunta toda a normativa, non debería de figurar como vontade para o convenio senón que é obrigado no marco da normativa na que se desenvolverá o convenio.

E en proba de conformidade asinan a presente acta.

Pola USC

Pola UdC

Pola UdVigo

Pola CIG

Por UGT

Por CCOO

Por CSI-CSIF

CONTEXTO DE NEGOCIACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR LABORAL DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS DE GALICIA

A Lei Orgánica de Universidades (LOU) establece que o PDI contratado sexa en réxime laboral o que leva que necesariamente as condicións de traballo deben regulamentarse mediante Convenio Colectivo. A fin de facilitar o proceso negociador, as Universidades Públicas de Galicia e as Organizacións Sindicais máis representativas acordan fixar como marco xeral da negociación o seguinte:

1. O Obxectivo da negociación e asegurar unhas condicións de traballo do persoal Docente e investigador que fomenten no maior grao posible un ensino, unha labor intelectual, unha investigación e un traballo de extensión a comunidade eficaces e permitan o persoal desenvolver as súas tarefas profesionais.
2. O ámbito da negociación será o do persoal contratado con arreglo as modalidades estipuladas na LOU. Preténdese abordar unha política integrada do cadro do persoal docente e investigador, sexa funcionario ou laboral, ao servizo dos obxectivos de calidade que as universidades galegas se propoñen para os vindeiros anos. Trátase de establecer unha acción coherente entre os colectivos laboral e funcionario que comparten a responsabilidade de prestar os servizos de docencia e investigación na Universidade.
3. É necesario acadar no proceso negociador unha homoxeneización nas condicións de traballo do persoal laboral e funcionario que respecte as peculiaridades propias de cada réxime.
4. As partes desexan que o convenio colectivo que resulte do proceso negociador estructure o cadro de persoal laboral dun xeito rigoroso, estable e dinámico. A regulación ten que garantir a compatibilidade das necesidades docentes e investigadoras das universidades cunha máxima garantía de estabilidade e desenvolvemento dunha carreira profesional coherente
5. É preciso ordenar a carreira docente de modo que non exista unha carreira docente laboral alternativa a funcional e evitando que o paso dun réxime

a outro supoña unha barreira no desenvolvemento profesional. A través da negociación colectiva acadarase unha mellor definición da carreira académica utilizando as figuras laborais previstas na LOU para o deseño das etapas iniciais dun desenvolvemento profesional que rematará no ámbito funcional, deseñando un itinerario de carreira que inclúa a súa vez pasarelas entre unha e outra.

6. Co obxectivo de que se fagan extensivas a todo o PDI as partes consideran que as condicións xerais sobre Saúde Laboral, Acción Social e Formación teñen que enmarcarse en Acordos Intersectoriais que afecten a todos os traballadores das Universidades.
7. Preténdese definir un ámbito preciso de negociación sindical universitaria, dependente dos propios recursos e competencias de decisión das universidades, compatible cos outros ámbitos superiores de negociación sindical que deben implicar a achega de recursos financeiros